

11na UVigo

Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia 2025



Ilustración: Marta Piñeira. Deseño: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Organiza:

Universidade de Vigo

Coa colaboración de:



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES





*Día Internacional
da Muller e da Nena
na Ciencia 2025*



Universidade de Vigo



«As mulleres estamos a mudar o mundo. Consequimos mudar as formas de mirar e de investigar. Agora vemos e vémonos.»

Docentes e investigadoras, xunto coa Unidade de Cultura Científica e da Innovación e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, conmemoran con diversas actividades o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

O obxectivo é darlle visibilidade ao traballo das mulleres nestes eidos, crear referentes femininos no campo da ciencia e da enxeñaría, e promover prácticas que favorezan a igualdade de xénero.

Charlas da iniciativa 11 de febreiro

Ao redor de sesenta investigadoras da Universidade de Vigo ofreceránlles a centros educativos de toda Galicia máis de medio cento de charlas e obradoiros sobre o seu traballo e sobre o papel da muller na ciencia e na tecnoloxía durante o mes de febreiro. Estes faladoiros e obradoiros enmárcanse na iniciativa 11 de febreiro, que se organiza no ámbito nacional con motivo desta efeméride, e contan co apoio da Unidade de Cultura Científica e da Innovación na súa xestión.

Charla interxeracional

Na mañá do xoves 20 de febreiro terá lugar no campus de Ourense unha charla interxeracional na que catro investigadoras da Universidade de Vigo compartirán as súas experiencias como mulleres na ciencia.

Este evento comezará ás 11.00 h no salón de graos da Facultade de Educación e Traballo Social (edificio de facultades, 4º andar), e será de acceso libre ata completar a capacidade. Baixo o título Investigación e saúde mental, o relatorio contará con interpretación en lingua de signos.

Entrega dos premios Marie Tharp do CIM-UVigo

Co gallo de conmemorar o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM) entregará os premios da terceira edición do concurso Marie Tharp, dirixido a mulleres investigadoras predoutorais e posdoutorais do centro que quixesen contar o seu traballo nunha peza audiovisual dun minuto de duración. O acto terá lugar o luns 10 de febreiro, ás 13.00 h, no novo salón de graos da Facultade de Ciencias.

Todas somos ciencia

O CINBIO e a SEBBM organizan conxuntamente un coloquio co fin de poñer en valor o papel da muller na ciencia e fomentar as vocacións científicas entre a rapazada. O evento terá lugar o venres 7 de febreiro, de 10.00 a 12.00 h, no museo MARCO (Vigo) e está orientado a estudantes de 5.º e 6.º de primaria. É necesario inscribirse previamente. Toda a información [aquí](#).

Nanomateriais á nanoescala

A investigadora Isabel Pastoriza, do grupo FunNanoBio do CINBIO, ofrecerá a charla "Nanomateriais á nanoescala" no IES Chapela o luns 10 de febreiro ás 10:30 h, dirixida ao alumnado de 1.º e 2.º de bacharelato de ciencias dentro da Semana da Nena e a Ciencia.

Presentación do calendario e exposición 'Mulleres Investigadoras CINTECX 2025'

No evento, celebrado a finais do mes de xaneiro, inaugúrase unha exposición cos cartéis das ilustracións do calendario e as mensaxes das protagonistas, que buscan poñer en valor o traballo da muller na investigación. A exposición estará aberta durante todo o mes de febreiro. Ademais, trala presentación, tivo lugar unha mesa redonda sobre igualdade na investigación, na que participaron a vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, Belén Rubio; a directora da Unidade de Igualdade, Yolanda Rodríguez; a directora do CINTECX, Ángeles Sanromán e outras investigadoras do CINTECX.

Mostra do proxecto Bravxs da Unidade de Igualdade

Desde a Unidade de Igualdade enviáronse aos 88 centros de secundaria da provincia de Pontevedra unha mostra do proxecto Bravxs que se levou a cabo a través da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo. Esta iniciativa, ilustrada por Marta Riera, recolle figuras destacadas en ámbitos de coñecemento diversos para ofrecer referentes femininos e recoñecer as achegas das mulleres á investigación e á innovación científica.

No envío tamén se xuntou un folleto divulgativo cos resultados das primeiras cinco edicións da convocatoria de investigación da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo. Esta acción completa a realizada no ano 2022, cando se fixo chegar este material aos 324 colexios públicos de primaria das provincias de Pontevedra e de Ourense.

Elas Fan CienTec

A novena edición deste programa de obradoiros para rapazas de secundaria realizarase o 11 de febreiro, con catro centros educativos da provincia de Pontevedra. Este proxecto está organizado por docentes e investigadoras da Universidade de Vigo, xunto coa Unidade de Cultura Científica e da Innovación e a Unidade de Igualdade.

Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO)

- Cellcom
- NanoBioMateriais Funcionais
- TeamNanoTech
- Nanomateriais Biomiméticos/ Física e Química de Materiais
- Enfermidades Raras
- CelulArt
- Neurocircuits
- Nanomateriais Híbridos

Escola de Enxeñaría Industrial

- Entrevista por parte das alumnas a enxeñeiras da EEI
- Así imaxinabas unha enxeñeira? Exposición pública da entrevista
- Show room JAI

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

- Concurso grupal «The Wall»
- Xincana «The She-Cience Games: Catching Fire»
- Obradoiro de pinturas e minerais
- Quebracabezas: mineral-metal-aplicación

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

- Detectives de imaxes
- Robótica con CuteBot

eXXperimenta en Feminino

Este proxecto está destinado ao alumnado da provincia de Ourense e público en xeral. Os obradoiros terán lugar o 14 de febreiro de 9.00 a 18.00 h no edificio Politécnico e arredores (Ourense).

- Vendo o invisible
- Biorrefinando: química e valorización
- A cor na ciencia
- Resolver o quebracabezas do clima
- Descubrindo a sustentabilidade na agricultura e na apicultura
- Como voa un avión?
- Ti podes programar!
- Saca partido do residuo
- Probando texturas
- Enzimas: as proteínas bulbule
- Viaxe da alquimia á química forense
- Escape room. Atrapados nunha (bio)refinería
- Lendo etiquetas para coidar da miña saúde

IX Concurso escolar de creación artística

No campus de Ourense tamén volveu levarse a cabo o xa tradicional Concurso escolar de creación artística polo Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, dirixido a alumnado de primaria (a partir de 3.º) e secundaria. O prazo para presentar os traballos rematou o pasado 25 de xaneiro. A entrega de premios levarase a cabo nun acto especial e, a data, aínda por fixar, será neste mes de febreiro.

Obradoiros 11F no campus de Ourense

A Facultade de Educación e Traballo Social e a Escola Superior de Enxeñaría Informática, abrirán as súas portas a alumnado do IES As Lagoas o mércores 19 de febreiro. Esta actividade tratará de dar visibilidade ao traballo das investigadoras destes centros e revertir a segregación por estereotipos de xénero nos estudos universitarios.